



9 de maio Día de Europa, unha data que ven celebrándose desde fai varios cursos no IES RIBADEO DIONISIO GAMALLO, e que este ano ademais conta coa subvención europea do proxecto ERASMUS+. Nesta mesma data no ano 1950 o ministro de Exteriores francés Robert Schumann convocou á prensa no Salón do Reloxo do Ministerio de Asuntos Exteriores para facer unha declaración importante; o seu discurso sería a semente do que actualmente coñecemos como Unión Europea, e unha das ideas fundamentais da súa Declaración pasaría a formar parte significativa das nosas leccións de vida: “A paz mundial só pode salvagardarse mediante esforzos creadores proporcionados aos perigos que a ameazan”.

Este curso quixemos facer algo especial e repartimos as actividades dentro e fora do centro, antes e despois da propia data. Mañá xoves durante o período de recreo proxectaremos no patio de columnas do centro vídeos e traballos que o alumnado veu realizando desde 2015 para a materia de EUROPA, optativa de 1º BACH, e pola tarde un grupo de alumnos e alumnas acompañados de dous profesores do IES viaxarán ata León e visitarán os lugares onde se deron os primeiros pasos na idea do parlamentarismo.

León é o berce do parlamentarismo, unha cuestión debatida durante moito tempo e que, como noutros ámbitos da sociedade e da historia, os británicos tiñan asimilado como seu de forma exclusiva. O testemuño documental máis antigo do sistema parlamentario europeo atópase nos Decreta de 1188 do Reino de León e Galicia. Así o resolveu a UNESCO no ano 2013 referendando a tese que defende que tivo a súa orixe no claustro da colexiata de san Isidoro de León, e incluíu os Decreta no Rexistro da Memoria do Mundo.

Pero as actividades non rematan con esta visita. Máis adiante informaremos sobre unha charla que repasará a situación política pasada e presente, e a importancia da idea de Europa como eixo vertebrador da sociedade, que permitirá achegarnos ao futuro inmediato e reflexionar sobre as posibles opcións socio-políticas do noso sistema.

Durante o mes de xuño abriremos as nosas portas a unha exposición histórica sobre aspectos relevantes da última contenda mundial e sobre os que concretaremos datos e eventos a finais de maio.

Con estas iniciativas queremos sementar na nosa xuventude os valores de identidade, cooperación e tolerancia que resultan imprescindibles na visión de progreso do noso mundo. Esta idea de implicación social está na base da nosa responsabilidade educativa e forma parte das liñas fundamentais do noso proxecto curricular.

